



BANDO

PLAN RENOVE EQUIPOS DE ILUMINACIÓN INTERIOR

O Instituto Enerxético de Galicia publicou, no DOG núm. 12 do 19.01.2011, a Resolución do 7 de xaneiro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativa ao Plan Renove de Equipos de Iluminación Interior, se regula a selección de entidades colaboradora que participarán na xestión e se procede á súa convocatoria.

OBXECTO: CONCESIÓN DE AXUDAS DIRIXIDAS A MELLORAR A EFICIENCIA ENERXÉTICA DAS INSTALACIÓNS DOS EQUIPAMENTOS DE ILUMINACIÓN INTERIOR EXISTENTES QUE SE RENOVEN DE FORMA QUE CUMPRAN, POLO MENOS, COAS EXIXENCIAS MÍNIMAS QUE FIXA O CÓDIGO TÉCNICO DA EDIFICACIÓN (HE3), REDUCINDO O CONSUMO DE ENERXÍA.

BENEFICIARIOS: AS COMUNIDADES OU MANCOMUNIDADES DE VECIÑOS, AS PERSOAS FÍSICAS E XURÍDICAS DE DEREITO PÚBLICO OU PRIVADO SEMPRE QUE A ACTUACIÓN SUBVENCIONABLE DESCRITA SE REALICE EN VIVENDAS OU EDIFICIOS TERCIARIOS DA SÚA TITULARIDADE SITOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

SOLICITUDE: AS SOLICITUDES REALIZARANSE MEDIANTE RESERVA DE FONDOS A PARTIR DOS 65 DÍAS HÁBILES CONTADOS DENDE O SEGUINTE AO DA PUBLICACIÓN NO DOG DESTE PLAN E ATA O 30 DE XULLO DE 2011 OU ATA QUE SE ESGOTEN OS FONDOS CORRESPONDENTES.

AS SOLICITUDES TRAMITARANSE A TRAVÉS DALGUNHA DAS ENTIDADES COLABORADORAS ADHERIDAS QUE SE PUBLIQUEN NO DIARIO OFICIAL DE GALICIA E NA PÁXINA WEB DO INEGA (www.inega.es).

Mesía, 25 de xaneiro de 2011

O alcalde,

Mariano Iglesias Castro